


2022

# Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego

## Economía circular



Título orixinal: *Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego. Sector Economía Circular*© 2021

Textos e revisión: Equipo técnico de Espazocoop  
Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.

Unión de Cooperativas Espazocoop  
Rúa do Hórreo, 104, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña  
<http://espazo.coop>



Esta obra comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.



Os Plans Estratéxicos de Espazocoop enmárcanse no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



---

## ÍNDICE

<b>1.</b> ANTECEDENTES DO PLAN ESTRATÉXICO SECTORIAL .....	5
<b>2.</b> OBXECTIVOS DO PLAN ESTRATÉXICO SECTORIAL .....	7
<b>3.</b> PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA .....	8
· <b>3.1</b> A FÓRMULA COOPERATIVA: A MODO DE RECORDATORIO .....	8
· <b>3.2</b> POTENCIALIDADES DO COOPERATIVISMO NO AMBITO SECTORIAL .....	13
<b>4.</b> RADIOGRAFÍA DO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS .....	15
· <b>4.1</b> A ECONOMÍA CIRCULAR .....	15
· <b>4.2</b> POLÍTICAS PÚBLICAS DE FOMENTO: MARCO NORMATIVO E PRINCIPALIS PLANS E ACCIÓNS A PROL DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS .....	16
· <b>4.3</b> DIAGNOSE E POTENCIALIDADES DO SECTOR DE ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS EN GALICIA .....	25
<b>5.</b> FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS NO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS EN GALICIA: BOAS PRÁCTICAS.....	28
<b>6.</b> PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS NO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS EN GALICIA .....	34
· <b>6.1</b> DIAGNOSE COOPERATIVAS E ECONOMÍA CIRCULAR .....	35
· <b>6.2</b> OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS NO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS.....	37
· <b>6.3</b> PROPOSTA DE ACCIÓNS PARA ACADAR OS DEVANDITOS OBXECITVOS.....	37





- ANTECEDENTES DO PLAN ESTRATÉGICO SECTORIAL

As mudanzas ambientais, sociais e tecnolóxicas experimentadas pola nosa sociedade, como máis recentemente a crise económica e social derivada da Covid19, formulan novos desafíos para o cooperativismo, ao tempo que posibles oportunidades que demandan enxergar novos xacementos de actividade para os distintos colectivos. Cómpre, polo tanto, reflexionar sobre as posibilidades que brinda o modelo cooperativo para estruturar sectores económicos e xerar riqueza e emprego, detectando posibles xacementos de ideas e alternativas de emprendemento para novas cooperativas ou para proxectos que poden incrementar dimensión e crear a súa vez novos postos de traballo.

Dende Espazocoop queremos avaliar as oportunidades que ofrecen diversos sectores – entre eles o da economía circular de residuos-, que poidan ser unha alternativa ocupacional e de emprendemento, diante das novas circunstancias marcadas polo distanciamento social e alí onde xa existían experiencias de suceso e que respondan a estas novas demandas sociais.

Por outro lado pódese confirmar a insuficiencia de análises en Galicia que estuden tanto de forma teórica como empírica as relacións entre a economía circular e a economía social, en xeral, e o cooperativismo en particular, e procurando a través deste documento mellorar esta situación.

# 2

## ● OBXECTIVOS DO PLAN ESTRATÉXICO SECTORIAL

- Identificar e definir oportunidades no sector da economía circular de residuos e actividades concretas para o impulso do cooperativismo en Galicia.
- Dar a coñecer modelos e boas prácticas que podan servir de base para a posta en marcha de novos proxectos ou a consolidar e impulsar os xa existentes.
- Tirar resultados e conclusións que permitan continuar avanzando neste ámbito.

# 3

## PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA

### 3.1 A FÓRMULA COOPERATIVA: A MODO DE RECORDATORIO

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións das súas persoas socias, en interese pola comunidade, mediante a participación activa delas, distribuíndo os resultados en función da actividade cooperativizada.



A xestión e o goberno da sociedade cooperativa correspóndelles en exclusiva a esta e ás persoas socias.

A sociedade cooperativa axustarase na súa estrutura e no seu funcionamento aos principios establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional:

**I. Adhesión:** As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser persoa socia, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

**II. Xestión democrática** por parte das persoas socias: As cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polas persoas socias, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidas para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante as persoas socias. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

**III. Participación económica** das persoas socias: As persoas socias contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestiónanas de xeito democrático. Polo menos unha parte dos activos é, por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, sobre o capital entregado como condición para ser persoa socia. As persoas socias asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa; á constitución de reservas das que, polo menos unha parte sería indivisible; ao beneficio das persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e ao apoio doutras actividades aprobadas polas persoas socias.

**IV. Autonomía e independencia:** As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polas persoas socias. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte das persoas socias e manteñan a súa autonomía cooperativa.

**V. Educación, formación e información:** As cooperativas proporcionanlles educación e formación ás persoas socias, ás persoas representantes elixidas, ás persoas directivas e ás persoas empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Informan ao gran público, especialmente á mocidade e ás persoas líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

**VI. Cooperación entre cooperativas:** As cooperativas serven o máis eficazmente posible a quen forma parte delas como persoa socia e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

**VII. Interese pola comunidade:** Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos das persoas socias, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento **sustentábel** das súas comunidades segundo os criterios aprobados polas persoas socias.

Atendendo á devandita definición e principios cooperativos, e ao marco legislativo das cooperativas galegas, as tipoloxías de cooperativas que mellor se poden adecuar ao sector da economía circular de residuos son:

## COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO

Son ás que asocian persoas físicas para prestar o seu traballo ofrecendo bens e servizos ao mercado. O número mínimo para constituíla é de dúas persoas socias. Cada persoa é un voto e os excedentes repártense en función do traballo desenvolvido e non en función do capital achegado. Non permiten a presenza de persoas socias de capital, mais si a figura de persoas socias colaboradoras. Ningunha persoa socia pode posuir igual ou máis do 50% do capital. Agás para determinadas casuísticas, as persoas asalariadas só poden participar como máximo no proxecto co 30% das horas/ano que leven a cabo as persoas socias.

## COOPERATIVAS DE SERVIZOS

Aquelas que integran a persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como a profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia. Teñen por obxecto a prestación de subministracións e servizos e a realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións das súas persoas socias. Para o cumprimento do seu obxecto social poderán desenvolver calquera actividade económica ou social.

As explotacións das persoas socias deberán estar situadas dentro do ámbito territorial da cooperativa. No caso de profesionais ou artistas, deberán desenvolver a súa actividade habitual dentro do referido ámbito.

## COOPERATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO

A Xunta de Galicia poderá cualificar con esta denominación a aqueles proxectos en cooperativa que polo seu obxecto, actividade e criterios económicos de funcionamento acrediten a súa función social. Considéranse como tales as que se adiquen principalmente á prestación e xestión de servizos sociais, educativos, culturais, artísticos, deportivos ou de tempo libre e outros de interese colectivo ou de titularidade pública, á integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social ou a outras actividades que teñan por finalidade conseguir a superación de situación de marxinación social de calquera tipo (Disposición adicional cuarta. Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia).

## A POSTA EN MARCHA DUNHA COOPERATIVA GALEGA

O paso previo para a posta en marcha dun proxecto cooperativo é que o grupo promotor leve a cabo a análise da viabilidade da idea mediante o desenvolvemento dun **Plan de Empresa** no que participe todo o grupo.

**Máis Info:** <https://consolidaes.com/Inicio.php>

Unha vez levado a cabo este estudo (de mercado, organizativo e financeiro) e coñecendo o grupo polo miúdo as características da fórmula cooperativa, pódense iniciar os trámites para a constitución da mesma.

**Máis Info:** Manual de Formación para persoas socias <https://espazo.coop/recursos/manual-de-formacion-para-sociasos-de-cooperativas-de-traballo-asociado/>

A secuencia dos pasos a seguir sería a seguinte:

- 1| Configurar un grupo promotor cooperativo.
- 2| Análise da viabilidade da idea.

- 3| Solicitud de nome da cooperativa. [https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec\\_trabajo/autonomos/economia-soc/Regsociedades/Modelos/MODELO\\_certificacion\\_negativa\\_denominacion1.pdf](https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/Regsociedades/Modelos/MODELO_certificacion_negativa_denominacion1.pdf)
- 4| Elaboración do proxecto de estatutos sociais, segundo a tipoloxía de cooperativa. Rexistro Virtual cooperativas de Galicia: [https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av\\_cooperativas/modelos-de-estatutos](https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cooperativas/modelos-de-estatutos)
- 5| Celebración da asemblea constituínte.
- 6| Cualificación previa do proxecto de estatutos.
- 7| Solicitud de CIF provisional. Axencia Estatal Tributaria: <https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/G322.shtml>
- 8| Apertura dunha conta bancaria. Achegas iniciais ao capital social. Certificado.
- 9| Escritura pública de constitución na notaría, agás para as cooperativas xuvenís. *Os aranceis están bonificados segundo Disp. adicional terceira da Lei de Cooperativas de Galicia.*
- 10| Liquidación do I.T.P.A.X.D. (Exento para as cooperativas).  
Axencia Tributaria Galega:  
[https://ovt.atriga.gal/#!/detalle\\_servizo/?Transmisi%C3%B3ns+patrimoniais+e+actos+xur%C3%ADdicos+documentados/11609739/4126995/30852231/1/item-brown](https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Transmisi%C3%B3ns+patrimoniais+e+actos+xur%C3%ADdicos+documentados/11609739/4126995/30852231/1/item-brown)
- 11| Solicitud de Inscrición no Rexistro de Cooperativas. **Máis Info:** [https://espazo.coop/wp-content/uploads/2021/04/2.1.\\_solicitud\\_de\\_constitucion\\_coop-22.docx](https://espazo.coop/wp-content/uploads/2021/04/2.1._solicitud_de_constitucion_coop-22.docx)
- 12| Solicitud de CIF definitivo. Axencia Tributaria Estatal:  
<https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/G322.shtml>
- 13| Documentación Social: Libro de rexistro de persoas socias – libro de actas da asemblea xeral – Libro de actas do consello reitor – outros libros. **Máis Info:** <https://espazo.coop/wp-content/uploads/2021/04/Libros-1.pdf>
- 14| Resto de trámites de inicio de actividade: Declaración censal, inicio de actividade, alta na seguranza social, licenza municipal de apertura de establecemento, comunicación de apertura do centro de traballo, libros de visitas da inspección de traballo e seguranza social etc.

## 3.2 POTENCIALIDADES DO COOPERATIVISMO NO ÁMBITO SECTORIAL


O cooperativismo contribuíu de forma moi significativa ao desenvolvemento social e económico de Galicia nas últimas décadas, como acredita a súa evolución en termos sociais e económicos ao longo do devandito período, acadando na actualidade unha gran relevancia en moitos sectores da actividade económica, entre outros a agricultura e os servizos e configurándose nalgúns dos mesmos como un instrumento de xeración e consolidación de emprego moito máis activo que as sociedades de capital. Por outra banda, emerxe con gran forza en sectores que responden a grandes demandas sociais, como a educación, sanidade e servizos sociais, e cultura.

### EVOLUCIÓN NA CREACIÓN COOPERATIVAS 2015-2020

(Elaboración propia, segundo datos rexistro de cooperativas de Galicia)


### EVOLUCIÓN CREACIÓN COOPERATIVAS 2015-2020

(Elaboración propia, segundo datos rexistro de cooperativas de Galicia)



**Sociedades cooperativas galegas: 1.390 (2019).** Fonte: Informe de Economía Social de Galicia 2020.

COMPARATIVA 2020-2019: COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS EN GALICIA E  
DISTRIBUCIÓN % POR SEXOS DAS PERSOAS PROMOTORAS.



EVOLUCIÓN DE COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS EN GALICIA EN SECTORES  
EMERXENTES

(Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia. Estatísticas da economía social. 2019, 2018, 2017)

SECTOR	2019	2018	2017
Información e Comunicación	7	5	5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	10	9	6
Educación	8	6	3
Actividades Sanitarias e de Servizos Sociais	7	2	3
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6	2	4

# 4

- **RADIOGRAFÍA DO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS**

## **4.1 A ECONOMÍA CIRCULAR**

Sen prexuízo da existencia de varias definicións de economía circular, esta afirma que o actual modelo hexemónico de produción e consumo, nomeado como liñal e que se basea en “extraer-producir-consumir-eliminar”, está a producir graves efectos medioambientais no planeta (mudanza climática, perda de biodiversidade, esgotamento de recursos e acumulación de residuos, entre outros).

E a economía circular preséntase como unha alternativa para facer fronte a esta situación, dando **centralidade nomeadamente á dimensión ambiental e sen prexuízo da social na economía**, cuestionando o modelo económico hexemónico –o capitalismo– e formulando un alternativo fundamentado en “reducir-reusar e reciclar“. Esta definición da economía circular pode considerarse afín a algúns dos principios e valores da economía social e o cooperativismo.

## 4.2 POLÍTICAS PÚBLICAS DE FOMENTO: MARCO NORMATIVO E PRINCIPALES PLANS E ACCIÓNS A PROL DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS

Inclúese a relación da lexislación e políticas públicas máis sobranceiras para fomento da economía circular con carácter transversal e no subsector residuos en particular, dende a Unión Europea, o Reino de España e Galicia.

### UNION EUROPEA – UE

- Comisión Europea: “Un novo **Plan de Acción de Economía Circular - CEAP- para unha Europa máis limpa e competitiva**”(2020). Como obxectivos máis sobranceiros deste Plan pódense destacar:
  - a. Acadar o obxectivo de neutralidade climática da UE para 2050.
  - b. Deter a perda de biodiversidade.
  - c. Crear emprego sustentable.
  - d. Normalizar a produción sustentable na UE.
  - e. Empoderar ás persoas consumidoras e ás compradoras públicas.
  - f. Priorizar as accións e políticas en sectores que fan uso de máis recursos e nos que o potencial de circularidade é máis elevado: electrónica e TIC / baterías e vehículos / embalaxes / plásticos / téxtiles / construción e edificios / alimentos / auga e nutrientes.
  - g. Garantir a redución de residuos.



- h.** Garantir o funcionamento da circularidade para as persoas, as rexións e as cidades.
- i.** Dirixir os esforzos mundiais en materia de economía circular.

No que ten que ver co ámbito dos **Residuos, o CEAP 2020** ten os seus **alicerces** en:

- **Residuos Urbanos Non reciclados - Obxectivo 2030 (50%):** Prevención, limitación e redución.

**Ferramentas:** Lexislación – Actualización e Mellora / Boas Prácticas na materia: Intercambio de información / Sistemas de Recollida Separada: Harmonizar en favor da calidade da reciclaxe / Sensibilización sobre economía circular e residuos: Eventos cos estados membros, rexións e cidades da UE a prol dun bo emprego dos fondos europeos e de reformas no ámbito de residuos.

- **Materias primas Secundarias:** Reforzo da economía circular.

**Fin:** Seguraza para a saúde e o ambiente, das sustancias tóxicas prohibidas nas mesmas.

**Ferramentas:** Lexislación – Mellora / Protocolos e Procesos de Clasificación e Xestión de Residuos Perigosos – Mellora / Cooperación coa Industria.

- **Materias Primas Secundarias - Mercado Interior Eficiente:** Soporte.

**Ferramentas:** Requisitos sobre o contido reciclado dos produtos – Incorporación / Criterios para o remate da consideración de residuo para determinados fluxos dos mesmos- Incorporación / Observatorio de seguimento deste Mercado: Avaliación de viabilidade.

**Do marco normativo da UE** vinculado á regulación de residuos, cómpre destacar:

**Directiva 2008/98/CE** do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos.

**Directiva (UE) 2018/851** do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre os residuos.

**Directiva (UE) 2018/850** do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre vertedura de residuos.

**Elementos máis destacábeis** do mesmo, asumidos pola normativa na materia do Reino de España e Galicia:

**A prevención** entendida como unha serie de medidas tomadas antes de que unha substancia, material ou produto se converta en residuo, co fin de reducir:

- 1) A cantidade do mesmo, coa reutilización ou alongamento da vida útil dos produtos.
- 2) Os impactos adversos sobre o ambiente e a saúde humana da xeración de residuos.
- 3) Contido de substancias nocivas en materiais e produtos.

**A xerarquía de residuos** preséntase como ferramenta para fixar a orde prioridades no marco normativo e nas políticas de prevención e xestión de residuos.

Esta xerarquía ordearase do seguinte xeito: 1) prevención; 2) preparación para a reutilización; 3) reciclaxe e outro tipo de valorización; 4) eliminación.

## REINO DE ESPAÑA

– **“Estratexia Española de Economía Circular – España Circular 2030” (2020)**, aprobada polo Goberno español e en coherencia coa estratexia coa UE neste ámbito.

### **Obxectivos Transversais:**

- 1) Pular por un novo modelo de produción e consumo, no que os produtos, recursos e materiais fiquen o maior tempo **posíbel** no ciclo produtivo, minimizando a xeración de residuos e maximizando o aproveitamento daqueles que non se poidan evitar.
- 2) Propór e implementar medidas –a través de plans trianuais–, que compatibillicen a sustentabilidade, a eficiencia no uso de recursos, a descarbonización e a competitividade do modelo económico.

– **Plan de Acción da Economía Circular-PAEC- 2021-2023 (2021)**, derivado do documento “España Circular 2030”.

**Eixos de Actuación:** Producción / Consumo / Xestión de Residuos / Materias Primas Secundarias / Reutilización e Depuración de Auga. Nos mesmos incorpóranse un total de 116 de medidas.

**Medidas Transversais de interese** para este documento:

**a. Sensibilización e Participación:** Medidas (19) destinadas ás empresas, por exemplo, para elaboración de boas prácticas de economía circular.

**b. Consumo:** Campañas de sensibilización.

**c. Investigación / Innovación / Competitividade:** Medidas (9) na bioeconomía e na difusión dos resultados sobre a economía circular, fiadas nestes tres ámbitos.

**d. Emprego e formación:** Medidas (12) nestes ámbitos destinadas a determinados colectivos e para a revisión das especialidades do Catálogo de Especialidades Formativas do SEPE, así como o Programa Empreverde.

**e. Contratación Pública:** Inclusión da Economía Circular neste ámbito.

**Do marco normativo do Reino de España**, vinculado á **regulación de residuos**, destaca:

**Lei 22/2011, do 28 de xullo**, de residuos e solos contaminados, da que pódese destacar:

**1) Cargas administrativas** das operadoras de residuos: Simplificación.

**2) Competencias das Administracións Públicas** – Reforzo: Inspección / Vixilancia / Control das actividades reguladas.

**3) Responsabilidade dos suxeitos produtores de produtos** que co seu uso xerarán residuos: Sistematización e Coherencia na regulación. Corresponsabilidade na prevención e na organización da xestión dos mesmos.

**Proxecto de Lei de Residuos e Chans Contaminados (2021)**, en proceso de debate nas Cortes Españolas, revisa a actual normativa de 2011 para cumprir coas novas

orientacións e os novos obxectivos de residuos establecidos nas directivas da Unión Europea, que conforman o Paquete de Economía Circular, así como cos derivados da directiva de plásticos dun só uso. Tamén pretende ser coherente coa **“Estratexia Española de Economía Circular – España Circular 2030”**.

Como **novidades a destacar deste Proxecto de Lei**, tendo en conta a información do Mº de Transición Ecolóxica do Goberno do Reino de España están:

- 1) A fixación dun **calendario de implantación**, no período 2022-2025, de novas recollidas selectivas de residuos para a súa valorización, alén dos actuais, como por exemplo, bioresiduos domésticos, residuos do téxtil, aceites de cociña usados, residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos.
- 2) Fixación de obxectivos máis ambiciosos de **preparación para a reutilización e reciclado de residuos municipais**, poñendo como fito acadar o 65% no ano 2035.
- 3) Medidas incentivadoras por parte das administracións, entre as que destacan a **promoción de sistemas de pagamento por xeración e o uso das compras públicas** para promover o uso de produtos reutilizables e reparables e de materiais facilmente reciclables.

**Real decreto 553/2020, do 2 de xuño**, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Reino de España.

No **Informe de Progreso 2021 do Goberno do Reino de España**, vinculado ao seguimento do cumprimento da **Estratexia de Desenvolvemento Sustentable 2030**, e en coherencia coa **“Estratexia Española de Economía Circular – España Circular 2030”**e co **Plan de Acción de Economía Circular 2021-2023**, no ámbito de Residuos, recóllense as medidas levadas a cabo e en previsión, tanto no ámbito legislativo como de accións concretas no ámbito da sensibilización, estudo, boas prácticas, axudas, etc.

## GALICIA

- **Estratexia Galega de Economía Circular 2019 – 2030 (2019)**, aprobada polo Goberno galego.

**Obxectivos de carácter transversal**, entre OUTROS:

- 1) Previr o esgotamento e conseguir impactos positivos nos recursos como a auga, o aire, a enerxía, os alimentos, o chan e os residuos.
- 2) Pechar os ciclos de enerxía e dos materiais.
- 3) Facilitar o desenvolvemento sustentable.

**Conclusións:**

**Potenciais Impactos / Oportunidades da Economía Circular en Galicia:** Vinculación cos contidos deste Plan Estratéxico.

- 1) **Creación de postos de traballo de calidade no ámbito local** e a xeración de novas oportunidade para inserción e integración social a medio e longo prazo.
- 2) **Xeración de novas empresas** / Diversificación das existentes / Investimento en coñecemento e novas tecnoloxías.
- 3) Impacto en todo o ciclo produtivo – da produción ao consumo- do modelo económico hexemónico, de forma interesectorial. Isto implica as seguintes necesidades:

- **A participación activa dos axentes socioeconómicos e sociocomunitarios** no deseño e implementación de estratéxias vinculadas á economía circular (por exemplo, ecodeseño; eficiencia nos procesos produtivos e de xestión de produtos durante todo o seu ciclo de vida; actividades de sensibilización e formación en economía circular).

- **Unha cidadanía ben (in)formada** neste novo modelo económico.

- 4) **O rural como centro das políticas de desenvolvemento da economía circular**, sen menoscabo do ámbito urbano. Posta en valor dos recursos endóxenos através de novos procesos e produtos con vínculo coa economía circular, capaces de xerar novas iniciativas empresariais e comunitarias que

favorezan, entre outros efectos, a atracción e fixación de poboación no mesmo e emprego de calidade.

**5) A Administración Pública, como axente fundamental no proceso de transición cara o modelo circular** –na regulación e dinamización–, coa necesaria colaboración de todos os axentes implicados e a cidadanía en xeral.

**Obxectivos da “Estratexia Galega”**a destacar no ámbito dos **Residuos**:

**1) Priorizar a circularidade na xestión dos residuos:** Contraste da aplicación efectiva da xerarquía de residuos / Promoción da recollida separada de calidade para a compostaxe e a reciclaxe dos residuos como materias primas de alto valor engadido.

**2) Fomentar a filosofía de ciclo de vida e o eco-deseño na cultura empresarial,** o que contribuirá a reducir a xeración de residuos, pois estímase que ata o 80 % de todos os impactos medioambientais dun produto no seu ciclo de vida veñen determinados polo seu deseño, tanto do propio produto como dos procesos de produción e consumo.

**3) A economía circular como motor demográfico,** poñendo en valor os recursos materiais e humanos do territorio, priorizando o desenvolvemento dun polo biotecnolóxico para a produción de produtos de alto valor engadido no sector primario que permita a redución dos residuos.

**Liñas de acción a desenvolver - Xestión de residuos,** propostas na **“Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030”**:

**-Lexislación e Planeamento -Actualizar:**

**1)** Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia – Aprobación;

**2)** Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020-PXRUG-, modificado no ano 2016 para adaptarse a novos obxectivos e para ampliar a súa vixencia ata o ano 2022;

**3) PRIGA 2016-2020 -Plan de Residuos Industriais de Galicia-**

**Axentes implicados-beneficiados:** Administración rexional / tecido socio-económico e sociocomunitario

**-Estudos de xerarquía, ciclo de vida e custo-beneficio – Promoción.**

**Axentes implicados-beneficiados:** Administración rexional / centros de investigación / tecido de entidades xestoras de residuos.

**-Instrumentos económicos con obxectivos ambientais por parte das administracións públicas,** (aplicación de gravames á eliminación de residuos, para xerar fondos que financien a implantación inicial das medidas de economía circular de residuos).

**Axentes implicados-beneficiados:** Administración rexional e local / tecido socioeconómico e sociocomunitario.

**-Novos modelos de recollida separada de residuos urbanos,** en colaboración coas entidades locais: Promoción.

**Axentes implicados-beneficiados:** Administracións locais e rexional/Entidades sociais.

**-Compostaxe doméstica e comunitaria (promoción),** minimizando o transporte dos residuos e fertilizantes obtidos e a pegada ecolóxica do tratamento de bioresiduos, reducir a xeración de residuos e o consumo de fertilizantes externos.

**Implicadas-Beneficiarias:** Entidades locais / Entidades adicadas á educación ambiental / empresas e entidades de tratamento de bioresiduos in situ.

**-Rede de centros de preparación para a reutilización, reparación e alargascencia – Creación:**

**1)** Complementarios a unha rede de entidades creadoras de economías relacionadas con estas tarefas para produtos e materiais;

**2)** Educación e sensibilización (actividades) en economía circular;

**3)** Formación e promoción de iniciativas de emprendemento social en economía circular;

**4)** Cooperación con entidades de reparación e reutilización na obtención de materiais de interese.

**Implicadas-Beneficiarias:** Administracións rexional e local /Entidades sociais

e empresas adicadas á educación ambiental e recuperación e reutilización e comercialización de produtos recuperados.

**-Programa a desenvolver:**

- 1) Adopción de boas prácticas;
- 2) Minimización integral de residuos e emisións na industria de natureza sectorial;
- 3) Fomento da economía circular;
- 4) Mellora tecnolóxica na selección de materias primas e no deseño de produtos;
- 5) Proxectos piloto con transferencia voluntaria ás empresas. Sectores obxectivo do Programa: Servizos / agroindustria.

**Axentes implicados-beneficiados:** Administración rexional / universidades / centros de investigación / tecido asociativo sectorial industrial.

**Do marco normativo en Galicia**, vinculado á **regulación de residuos**, cómpre destacar:

**Lei 6/2021, do 17 de febreiro**, de residuos e solos contaminados de Galicia, que pretende actualizar o marco normativo galego nesta materia, ás mudanzas lexislativas producidas tanto a nivel europeo como español e potenciar a transición do sistema produtivo galego a uns parámetros de sustentabilidade, que xere novas oportunidades de actividade económica na produción e xestión de residuos. Para isto, a Lei regula as competencias entre o Goberno galego e as Administracións locais; os principios e instrumentos da política de residuos; os procesos de produción, posesión, traslado de residuos e o réxime de intervención de administrativa en ditos procesos; a xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais.



### 4.3 DIAGNOSE E POTENCIALIDADES DO SECTOR DE ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS EN GALICIA

Nº de Empresas Activas en Galicia, que pola súa actividade económica poden xestionar residuos de acordo cos códigos CNAE e sen prexuízo daquelas xeradoras dos mesmos como por exemplo, construción e derrubo; sector primario e alimentario e sector industrial.

ACTIVIDADE ECONÓMICA – CNAE 2009	Nº EMPRESAS – GALICIA (2020)
Recollida, tratamento e eliminación de residuos – Valorización (CNAE: 38)	142
Recollida e tratamento de augas residuais (CNAE: 37)	16

Fonte: Institución Nacional de Estatística -INE

#### A. XESTION DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

PROCESO /MODELO XESTION- PLANTAS	NOSTIAN	BARBANZA	SOGAMA	OBSERVACIÓNS
Vidro-Papel / Recollida Selectiva	Si	Si	Si	
Residuo (in)orgánico- / Recollida separada	Si	Si	En proceso	Sogama tamén fai recollida de envases / En proceso de implantación contedor de residuo orgánico.
Vertodoiro / Eliminación				Destino dun terzo do total
Valorización / Incineración con recuperación de enerxía	Non	Non	Si	
Reciclaxe total ou parcial / Biodigestión para Biogás e Compostaxe	Si	Non	Non	
Reciclaxe total ou parcial / Compostaxe aerobia	Non	Si	Non	

Fonte: Elaboración propia a partir da información da Estratexia Galega de Economía Circular 2019 – 2030 (2019), a partir de datos de 2017.

## B. XESTIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS

O 95% dos mesmos reciben a calificación de non perigosos.

O procedemento maioritario na xestión dos mesmos é a valorización material -85%- fronte á eliminación.

Sectores de actividade con maior volume de xeración de residuos: Construción e derrubos /Primario e alimentación / Industrial.

## C. RESUMO DA DIAGNOSE E POTENCIALIDADES DO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS EN GALICIA

A modo de resumo, amósase unha proposta de diagnose e potencialidades do sector da Economía Circular de Resíduos en Galicia:

OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Existencia de plans de acción públicos e marco normativo para o fomento e consolidación da economía circular.</li> <li>· Impactos negativos no medio ambiente e na sociedade do actual modelo económico hexemónico.</li> <li>· Redución de obstáculos regulatorios para a mellora do grao de circularidade nas actividades económicas.</li> <li>· Sistemas de Recollida e Tratamento de Residuos: Optimización.</li> <li>· Educación e Sensibilización en Economía Circular: Incremento de Accións.</li> <li>· Creación do Cluster de Economía Circular de Galicia.</li> </ul> <p>Máis Info: <a href="https://www.viratec.gal/">https://www.viratec.gal/</a></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· <b>Xestión de Residuos Industriais:</b> En determinados fluxos de residuos, falta de mercado para os produtos xerados a partir do proceso de valorización e falta de tecnoloxía.</li> <li>· Carga Administrativa e Complexidade Normativa europea, estatal e galega: Atranco para empresas e emprendemento para facilitar estratexias de economía circular (exemplos: desclasificación de certos residuos / tempos de resposta para tratamentos conxuntos -valorización- de residuos xerados por varias empresas)</li> </ul>

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Potencialidade para a <b>creación de emprego de calidade no ámbito local</b>.</li> <li>· Potencialidade para a <b>xeración de novas novas oportunidades</b> para a integración e inserción sociolaboral.</li> <li>· Potencialidade para a <b>xeración de novas empresas</b> e a diversificación das existentes.</li> <li>· <b>Xestión de Residuos Industriais:</b> Capacidade Instalada Suficiente -687 instalacións-: Procesos de valorización (54 %) / Almacenamento (24 %) / Clasificación (13 %) / Eliminación (4 %).</li> <li>· <b>Cadea de valor dos alimentos:</b> Sector con maior potencial para incrementar o grao de circularidade das súas actividades (por materias primas e volume de xeración de residuos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· <b>Xestión de Residuos Sólidos Urbanos:</b> Reciclaxe e compostaxe do residuo doméstico (18 %), lonxe do obxectivo fixado para 2020 e 2025 (65 %), pola Directiva Europea 2018/852 (Datos 2017)</li> <li>· <b>Xestión de Residuos Industriais:</b> Incremento dos mesmos no período 2010-2016 (construción e derrubo (42 %) / sector primario e alimentario / procesos térmicos, aceitosos, tratamento de residuos e auga)</li> <li>· <b>Xestión de Residuos Industriais:</b> Falta de peche do círculo en determinados fluxos de residuos polos elevados custos do proceso de valorización.</li> <li>· <b>Xestión de Residuos Industriais:</b> Natureza e Composición dos mesmos e dos procesos produtivos que os xeran / Determinar o nivel de perigosidade / Confirmar o tratamento máis acaído a aplicar a cada tipo de residuo.</li> </ul>

**Fonte:** Elaboración propia a partir da información da Estratexia Galega de Economía Circular 2019 – 2030 (2019) / Plan de Residuos Industriais de Galicia – PRIGA -2016-2020 – Xunta de Galicia.



5

- FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS NO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS EN GALICIA: BOAS PRÁCTICAS

### **MULLERES COLLEITEIRAS, S.COOP.GALEGA**

Cooperativa de Traballo Asociado sen ánimo de lucro, localizada no municipio da Coruña, nado en 2013.

O seu obxectivo principal é un servizo de recollida, almacenamento, valorización e reutilización do aceite doméstico usado, realizado por mulleres en situación de exclusión social, como medio para incorporárense ao sector formal de autoemprego, ofrecendo unha proposta eficaz ao problema dos verquidos de aceite nas cociñas e ao aproveitamento dun recurso.

A través da súa actividade procura obter un triplo beneficio:

**-Económico e social:** creación de postos de traballo para a integración e inclusión das mulleres “en situación” de exclusión social mediante a achega dun servizo que xera un beneficio económico e á cidadanía.

**-Ambiental:** aproveitando un recurso moi enerxético e evitando o problema de verquidos, mediante un proceso local na totalidade do ciclo de xestión, utilizando man de obra desempregada. Dende a súa recollida ata a súa transformación e utilización en equipamentos locais, evitando os custos económicos e enerxéticos do transporte.

Ademais, co fin de amosar o compromiso co desenvolvemento e implantación dun Sistema de Calidade e Sostibilidade, para o conta con dúas certificacións de calidade ISCC e ISO 9001 para todas as actividades que realiza, unha política que garanta a xestión eficaz e ordenada, co cumprimento escrupuloso da legalidade e dos compromisos contractuais. Isto está orientado a dous obxectivos claros: a sustentabilidade do produto e a mellora continua dos procesos.

O servizo é realizado en varios municipios da provincia da Coruña, nos que as principais clientes-provedoras dos seus servizos son concellos, entidades veciñais, centros de ensino e establecementos da canle HORECA.

A Cooperativa, para optimizar a súa estratexia de economía circular, aspira a pechar o ciclo de xestión do aceite vexetal usado coa transformación do mesmo en biocombustible.

Para acadar os seus obxectivos económicos, sociais e ambientais, a Cooperativa fai parte e colabora con varias organizacións e redes da economía social e solidaria.

**Máis Info:** <https://mullerescolleiteiras.blogspot.com/>

## **MODA – RE, S.COOP.**

Cooperativa de Iniciativa Social, con sede social en Madrid.

O seu ámbito de actuación vinculado á Boa Práctica de Economía Circular é:

- Recollida separada do téxtil, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, plásticos, residuos de construción e demolición, pneumáticos, etc.
- Medidas de/ou que fomenten a reutilización dun produto que aínda está en boas condicións e cumpre a súa función orixinal (e non é un desperdicio) para o mesmo propósito para o que foi concebido.
- Medidas de/ou que fomenten a re-manufacturación: usar partes dun residuo nun produto novo coa mesma función.

Os obxectivos da Cooperativa son:

- 1.** Xerar un impacto ambiental positivo, mediante o aforro de auga, enerxía, residuos, recursos naturais e emisións.
- 2.** Promover a economía social e solidaria e a xeración de emprego social e sostible, especialmente para persoas en situación ou risco de exclusión social.
- 3.** Fomentar a transparencia en todo o proceso, así como asegurar o destino ético das pezas recollidas.
- 4.** Sensibilizar á sociedade de que o noso excesivo consumo é insostible e de que debemos reduci-lo.
- 5.** Reinvestir todos os beneficios en amplificar o alcance social e ambiental da práctica, xa que esta realízase sen ánimo de lucro.

A actuación da Cooperativa consiste na recollida de roupa de segunda man para darlle unha segunda vida, o que supón un modelo de xestión da roupa usada que

inclúe a súa recollida, clasificación, reutilización, reciclaxe e venda, a través da creación e impulso de tendas de roupa de segunda man. A actuación xorde dentro do marco do impulso da economía social e solidaria, centrada na inserción laboral en empregos normalizados, a dignificación da forma en que reciben roupa aquelas persoas que o necesitan, o coidado do medio ambiente, a promoción da economía circular e do aforro de auga, enerxía e materias primas, reducindo residuos e emisións. É por iso que esta actuación persegue tamén reducir os actuais niveis de consumo, así como transformar ese consumo nun máis circular e ecolóxico. Todo iso en clave de innovación e sustentabilidade ambiental e económica, e destinando todos os ingresos xerados polo proxecto ao seu propio desenvolvemento e crecemento, xa que se trata dunha iniciativa sen ánimo de lucro.

Entre os desafíos e dificultades que identifica a Cooperativa para o desenvolvemento da estratexia de Economía Circular:

Falta de regulación circular/ Cambio de comportamento-falta de conciencia ou cooperación/ Recoñecemento de subproductos-materias primas secundarias / Aplicacións útiles de materiais reciclados/ Demanda insuficiente/ Falta de incentivos / Altos investimentos iniciais/ Baixo retorno de investimento/ Volatilidade do prezo.

Está incluída no 1º Catálogo de Boas Prácticas en Economía Circular (2021) do Ministerio para a Transición Ecolóxica do Goberno español, do que se obtivo esta información.

**Máis Info:** <https://modare.org/>

## **AMEGROVE, S. Coop. Galega: Proxecto AMECOMAR– COIDA O MAR (2021)**

Amegrove é unha cooperativa do mar de servizos, constituída en 1977, con sede social en O Grove e que asocia a 400 titulares de bateas de mexillón (335) localizadas na Ría de Arousa. A Cooperativa é unha actriz fundamental na cohesión social

e dinamismo económico no municipio do Grove e na comarca do Salnés. Presta un servizo integral ás súas persoas socias que abrangue o cultivo, a recolección, o control sanitario, selección da materia prima, depuración, elaboración, comercialización e distribución do mexillón, destinado ao mercado galego, español e internacional, ao longo de todo o ano. Ten unha capacidade de produción próxima ás 22.000 toneladas/ano de mexillón. Conta cun servizo de depuradora, un laboratorio propio -Mytilus- para garantir a calidade do produto e unha planta de procesado - Frigoamegrove- para o produto procesado.

**Máis Info:** <http://amegrove.es/>

No ámbito da economía circular de residuos, promove en 2021 o **Proxecto Amecomar – Coida o Mar.**

**Máis Info:** <http://amecomar.amegrove.es/proxecto-amecomar/>

### **1) Obxectivos:**


- Recoller no mar e transportar á terra lixos plásticos, co gallo das saídas das embarcacións das persoas socias da Cooperativa.
- Mellorar o proceso produtivo, reducindo a cantidade de refugallos no mar xerados polas actividades marítimo pesqueiras.
- Sensibilizar ao sector pesqueiro sobre a problemática do lixo mariño e a necesidade de coidar do seu medio de traballo.
- Reforzar o traballo en rede no territorio, fortalecendo a colaboración entre entidades de economía social (cooperativas e entidades de inclusión social).

### **2) Actividades:**

- Sensibilización ambiental do sector pesqueiro (xornadas, palestras), que desenvolverá a Asociación Autismo Bata.
- Recollida, traslado e depósito do lixo do mar, nomeadamente plástico: 1) Recollida e Traslado: por parte das persoas bateeiras nas súas embarcacións; 2) Depósito: Nuns contedores nas instalacións da Cooperativa.
- Transporte e transformación do lixo recollido: A través da colaboración do



Concello do Grove através do Proxecto “O Grove Sostible”. O lixo transformárase en mobiliario urbano para uso por parte do Concello, en colaboración coa Asociación Bata.



6

- **PLAN DE FOMENTO  
E CONSOLIDACIÓN  
DAS COOPERATIVAS  
NO SECTOR  
DA ECONOMÍA  
CIRCULAR DE  
RESIDUOS EN  
GALICIA**

A partir das fontes secundarias de información empregadas para a realización deste documento a nivel global, e para este punto en particular, tanto respecto da economía social como a economía circular, considérase pertinente e coherente facela extensible tanto ás cooperativas como ao sector da economía circular de residuos en Galicia.

## 6.1 DIAGNOSE COOPERATIVAS E ECONOMÍA CIRCULAR

Elaborada a partir de 1) Informe de Oportunidades para a Economía Social no Sector Ambiental na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, ao abeiro do proxecto europeo INTERREG\_ LACES (2017-2020); 2) Monográfico de HISPACOOOP – Confederación Española de Cooperativas de Consumidores y Usuarios, sobre Economía Circular, publicado en 2018; 3) Dossier nº 37 de Economistas Sen Fronteiras (ESF), publicado en 2020 baixo o título “La Economía Circular: Una opción inteligente”, no capítulo “El papel de las empresas de economía social en la transición hacia la economía circular”, a partir dun estudo realizado pola UNED no tecido da economía social española; 4) Informe sobre a Economía Social en Galicia 2019, realizado pola Universidade de Santiago de Compostela – USC e a Xunta de Galicia.

OPORTUNIDADES / FORTALEZAS	AMEAZAS / DEBILIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>· A súa natureza social e económica ten un forte vencello cos modelos económicos circulares.</li> <li>· Que sexan un actor principal como ferramenta de xeración e consolidación de iniciativas de economía circular, atendendo aos principios e valores que comparten.</li> <li>· A crecente preocupación e demanda da sociedade de iniciativas de carácter sustentable.</li> <li>· Potenciar a súa contribución na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento <b>Sustentábel</b> -ODS-, por exemplo ODS12-modelos de consumo e produción sustentábeis- ; ODS 13- Acción polo clima-; ODS 8 / Emprego digno e de calidade no proceso de transición cara a unha economía <b>sustentábel</b> e circular, e alta percepción do sector a nivel estatal de dita contribución.</li> <li>· Pór en valor a súa responsabilidade social cunha proposta diferenciada na concepción de empresa e modelo de xestión fundamentado na solidariedade e na sustentabilidade.</li> <li>· A reorientación do beneficio económico cara obxectivos sociais e ambientais pode ser unha liña práctica de traballo de moito interese para o achegamento da Economía Circular á Economía Social.</li> <li>· O seu tecido asociativo e empresarial para favorecer un compromiso real do sector – entre outros axentes-, para acadar o obxectivo dun modelo económico máis sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· O incremento da competencia de empresas mercantís no ámbito da valorización de residuos.</li> <li>· A insuficiente mención da economía circular por parte das entidades de economía social.</li> <li>· Descoñecemento do concepto de economía circular e o seu impacto nas entidades da economía social.</li> <li>· O seu insuficiente grao de intercooperación para desenvolver proxectos vinculados á economía circular.</li> </ul>

- A coincidencia das dúas tipoloxías de economía -social e circular- na consecución de obxectivos vinculados, alén dos ambientais, como o compromiso coa contorna, desenvolvemento local e emprego. E a necesidade de ter presentes nas súas estratexias conxuntas as implicacións de xénero, a pobreza e as desigualdades.
- O recoñecemento e incorporación do cooperativismo e a economía social por parte das Administracións Públicas, como un axente empresarial fundamental para a implantación dos plans de acción vinculados á economía circular promovidos por aquelas, atendendo á súa achega ao crecemento máis inclusivo e sostible, creador de emprego estable e de calidade.
- Aliñamento das iniciativas de economía circular de residuos baixo fórmulas de economía social, coas necesidades sociais da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, ademais do aproveitamento de recursos endóxenos, en canto ás colaboracións con entidades locais en todo o proceso, por exemplo, entidades da administración pública con ou sen competencias en xestión de residuos, organizacións sen ánimo de lucro con fins ambientais, asociacións de veciños, empresas xestoras de residuos, empresas revalorizadoras, etc.
- A implicación, elaboración e presentación de propostas e programas de actuación nos que se incorpora a economía circular – por exemplo PERTE a través dos Fondos Europeos Next Generación por parte de CEPES-.
- Poder contribuir ao desenvolvemento e formación en novas competencias laborais vinculadas ás estratexias de adaptación á mudanza climática (novos proxectos de natureza limpa e a nova tipoloxía de postos de traballo vinculados aos mesmos).
- Posibilidade de visibilización da economía circular coa inclusión da sustentabilidade ambiental, vinculada á mesma, como principio na lexislación, documentación e prácticas das entidades de economía social e o seu tecido asociativo.
- Existencia de ferramentas por parte das Administracións Públicas para o fomento, formación, asesoramento, creación de emprego no ámbito do cooperativismo e a economía social (por exemplo, Rede Eusumo, liñas de axudas,...), que favorezan a maduración e posta en marcha de proxectos de economía circular.
- A súa percepción da dificultade para o acceso a fondos de financiamento acaidos a proxectos de economía circular.
- A carencia de fondos acaidos ás súas características e que estean destinados á innovación.
- O seu escepticismo na percepción da economía circular fundamentada 1) na súa excesiva orientación cara os residuos e a súa xestión; 2) a ausencia por parte da economía circular na reformulación do sistema económico e produtivo hexemónico, a respecto da mudanza das necesidades e dos límites dos recursos naturais e físicos do planeta.
- Unha das barreiras de entrada máis destacábeis é o investimento económico necesario para a loxística que supón a xestión de determinados residuos.
- O impacto nas entidades de economía social das exixencias normativas europeas e nacionais para transitar cara modelos produtivos circulares.

## 6.2 OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS NO SECTOR DA ECONOMÍA CIRCULAR DE RESIDUOS

Propóñense os seguintes obxectivos tendo en conta a diagnose realizada, as fontes informativas empregadas para a elaboración deste documento, e tomando como referencia temporal os próximos 2-3 anos:

1. Divulgar, fomentar e formar en economía circular ao tecido das cooperativas galegas.
2. Fomentar o cooperativismo no ámbito da economía circular.
3. Fomentar e dar soporte ás cooperativas activas en procesos, estratexias e proxectos no ámbito da economía circular.

## 6.3. PROPOSTA DE ACCIÓNS PARA ACADAR OS DEVANDITOS OBXECITVOS

Partindo dos obxectivos propostos para este Plan e a **imprescindíbel** sinerxia nomeadamente entre o tecido asociativo e empresarial da economía social, tecido sociocomunitario e as administracións públicas galegas, realízanse as seguintes propostas, tanto para a divulgación, fomento, soporte e consolidación a iniciativas e políticas de economía social no ámbito da economía circular, en xeral, e no subsector de residuos, e a súa complementaridade – coherencia coas estratexias e plans propostos o desenvolvemento da economía circular para os próximos anos.

Para isto, téñense como referencia nomeadamente as recollidas 1) na Estratexia Galega da Economía Social 2019-2021 da Xunta de Galicia; 2) o estudo realizado pola UNED no tecido da Economía Social española e publicado en 2020, a respecto da economía circular; 3) “Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030”.

### **OBXECTIVO 1: DIVULGAR, FOMENTAR E FORMAR EN ECONOMÍA CIRCULAR AO TECIDO DAS COOPERATIVAS GALEGAS**

#### **ACCIÓN PROPOSTAS**

- Acciões de formación en economía circular tanto a nivel operativo das propias cooperativas como aos órganos directivos e representativos.
- Acciões de sensibilización e visibilización social da economía circular, no ámbito territorial e tecido sociocomunitario vinculados ás cooperativas galegas, na procura dunha mudanza cultural ligada aos principios e valores que compartillan o cooperativismo e a economía circular.
- Realización de análises e informes de tendencias para coñecer os desafíos dos próximos anos, por exemplo, no ámbito da economía circular, coa colaboración entre universidades, tecido da economía social e administracións públicas entre outros axentes.
- Promoción, implantación e seguimento de medidas de Responsabilidade Social Empresarial – RSE– nas cooperativas e divulgación de criterios ambientais, sociais e bo goberno corporativo.
- Maior información sobre o acceso a financiamento de economía circular, manuais de boas prácticas, experiencias previas e das oportunidades que poderían obter as cooperativas deste achegamento á economía circular.
- Creación e difusión de ferramentas prácticas que axuden a innovar en economía circular e que faciliten o proceso.
- Articulación e consolidación de mecanismos de coordinación entre os departamentos do Goberno galego, para identificar as oportunidades de mellora para as cooperativas, dentro das que se atopa a economía circular.

### **OBXECTIVO 2: FOMENTAR O COOPERATIVISMO NO ÁMBITO DA ECONOMÍA CIRCULAR**

#### **ACCIÓN PROPOSTAS**

- Inclusión do cooperativismo nas actividades formativas ao emprendemento do alumnado, nomeadamente, de formación profesional e universidade, en plans de estudos de especialidades que se poidan vincular co ámbito da economía circular, entre elas, a de residuos.
- Impulso do emprendemento de proxectos baixo a fórmula cooperativa en actividades económicas con vinculación coa economía circular de residuos, que sexan xeradores de novas oportunidades de negocio e que entre as características dos mesmos estean o desenvolvemento do rural e que estean integrados por colectivos con dificultades para a súa inserción sociolaboral. Entre as medidas para favorecer dito impulso estean actividades formativas de xestión empresarial e ter prioridade nas axudas de fomento do emprego e nas específicas para a economía circular entre outras.
- Reforzo das actividades de difusión e formación en economía social para sensibilizar da importancia da implicación e contribución de axentes sociais e cidadanía, na xeración de emprego de calidade, respectar o medio e mudar os procesos de produción, distribución, consumo e aforro, por exemplo através da economía circular.

### OBXECTIVO 3: FOMENTAR E DAR SOPORTE ÁS COOPERATIVAS ACTIVAS EN PROCESOS, ESTRATEXIAS E PROXECTOS NO ÁMBITO DA ECONOMÍA CIRCULAR

#### ACCIÓNS PROPOSTAS

- Medidas específicas para as cooperativas activas naquelas estratéxias de economía circular que favorezan a seu desenvolvemento e consolidación (por exemplo, no ámbito normativo; axudas públicas; contratación de servizos; fiscalidade...).
- Internacionalización / Programas: Favorecer a participación das cooperativas nos mesmos, coa incorporación de criterios vinculados á economía circular.
- Programas específicos ou criterios que concedan prioridade ás cooperativas en liñas de axudas para plans de investigación, innovación e reforzamento do tecido produtivo galego, vinculados á economía circular.
- Participación das cooperativas nos programas de financiamento da Xunta de Galicia, que poidan facilitar estratéxias e proxectos vinculados á economía circular.
- Incorporar e desenvolver na programación das entidades e redes asociativas das cooperativas galegas, actividades e servizos específicos que dean soporte ás necesidades e estratéxias de economía circular das mesmas.
- Apoio a procesos de cooperación e integración empresarial, no ámbito da economía circular, co fin de acadar a necesaria dimensión para afortalar as súas capacidades de consolidación. Polo tanto non competir a nivel (inter) sectorial e, por outro, xerar alianzas para poder acometer proxectos máis ambiciosos e acceder a máis opcións de financiamento, así como a ter máis visibilidade e recoñecemento pola súa contribución á economía circular. Aproveitar e optimizar o tecido representativo do cooperativismo e o seu labor de presión e incidencia política nas institucións para acadar a aplicación desta medida. O achegamento en rede aos principios e prácticas da economía circular a través dunha planificación e axenda política común e clara axudaría sen dúbida a ter un maior protagonismo neste terreo.
- Mellora da consolidación das cooperativas co incremento da incorporación de cláusulas sociais nos procesos de contratación pública. Por exemplo, as vinculadas a criterios e actividades ambientais e de economía verde.
- Fiscalidade favorable para as cooperativas e a Economía Circular, que teña en conta os impactos positivos xerados á sociedade e ao medio ambiente por este tipo de empresas. A fiscalidade verde podería ter múltiples manifestacións no sistema impositivo a nivel estatal. Proponse o IVE cero para produtos reutilizados, dado que os produtos de segunda man xa son gravados con IVE na súa primeira transacción. Esta medida suporía unha vantaxe para as persoas consumidoras e un aliciente real para a persoa consumidora de segunda man, pois suporía unha diminución do prezo final dos produtos.
- Axilizar e reducir os trámites administrativos, xa que os procesos excesivamente complexos dificultan a transición economía circular a empresas máis pequenas, como son a maior parte das cooperativas.
- Os plans ou estratéxias futuras de economía circular deben incorporar liñas específicas para as entidades de economía social, diferenciándoas das empresas de economía convencional.







